



MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha conciencia social cada vez máis crítica e, á vez, os escándalos de corrupción dos que periódicamente somos coñecedores fan que actualmente a veciñanza demande de forma crecente unhas administracións que proporcionen información sobre a súa actuación, sobre as normas que as regulan e permitan a participación da cidadanía. Ademais, as contínuas innovacións no campo da informática e a electrónica fan tecnoloxicamente posible que este ideal de transparencia sexa viable e sinxelo para calquera organismo público.

Progresivamente, as distintas administracións públicas foron introducindo estes principios dentro das súas normas reguladoras e incluso se elaboraron normas específicas onde se tratan de forma exclusiva esta preocupación da sociedade. En concreto, a nivel estatal a finais do ano 2013 foi promulgada a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a nivel autonómico de xeito máis tardío aprobouse a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Entrando no detalle das obrigas, esta primeira norma estatal, así como as leis 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) e a 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), introducen unha serie de esixencias que afectan ó conxunto das administracións públicas e nomeadamente ós Concellos. Aspectos como a existencia das sedes electrónicas, os rexistros electrónicos, a posibilidade de realizar trámites de xeito telemático, a publicación de información xurídica, organizativa, orzamentaria e de contratación non son opcionais xa para a vontade de cada goberno, senón que constitúen unha obriga legal da máxima relevancia.

Se analizamos cun mínimo interese o caso do Concello de Chantada podemos concluir sen equivocarnos que no cumprimento destas normas a administración local suspende de xeito clamoroso. O Concello posúe páxina web, sede electrónica e perfil do contratante, mais con deficiencias importantes en todas estas ferramentas. Entrando en detalle, a páxina web, creada hai máis dunha década está aticuada no deseño e na accesibilidade ós contidos. A sede electrónica é un caixón baleiro, onde a información que se da é practicamente nula, a excepción da información económica e orzamentaria. E o perfil do contratante ten datos anticuados e non se están realizando as publicacións que a LCSP obriga a realizar tanto dos procedementos de contratación como dos contratos menores.

Conscientes das limitacións de medios cos que contan as entidades locais pero tamén da importancia deste cambio da cultura de xestión no tocante á transparencia, a Federación Española de Municipios e Provincias creou unha serie de ferramentas para a aplicación destes principios dentro dos Concellos. En concreto, para traballar dun xeito inicial, foi editada en maio de 2014 unha Ordenanza tipo de Transparencia, Acceso á Información e Reutilización, que permite crear a normativa local para o cumprimento das leis e desenvolver inicialmente a transparencia local.

Esta Ordenanza tipo pode ser un bo punto de partida para elaborar a propia Ordenanza do Concello de Chantada. Pero cremos que debemos dar un paso máis alá da obriga legal, superar o mínimo esixible e chegar a un nivel aceptable na transparencia, na rendición de contas e o goberno aberto. Por iso se propoñen medidas adicionais para reforzar esta nova cultura de gobernanza e dar máis facilidades ós chantadinos e chantadinas para coñecer máis datos da súa administración máis cercana.

Neste senso, cremos preciso que a Ordenanza de transparencia inclúa como punto engadido a publicación das declaracións de bens e intereses dos membros desta Corporación así como as convocatorias e actas de tódolos órganos colexiados do Concello. A gran responsabilidade no exercicio da función representativa esixe de todos nós dar exemplo persoal e que aparte dos nosos bens se podan coñecer as posibles situacións de incompatibilidade por mor dos intereses de cada un de nós.

Tamén somos consicentes que a transparencia ven ligada inexorablemente coa administración electrónica. Neste campo, aínda que a cidadanía pode interactuar telemáticamente coa sede electrónica do Concello e está implantado o programa Xestiona para o uso na administración local, aínda queda camino por percorrer para que cheguemos a unha verdadeira administración electrónica. E tampouco podemos esquecer nos da entrada en vigor o vindeiro ano de varios preceptos recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no tocante ó funcionamento electrónico da administración.

Finalmente, a transparencia tamén supón cercanía e accesibilidade á toma de decisións, e nomeadamente ó Pleno Municipal. O peche no último ano dos dous principais medios de comunicación que operaban en Chantada reduce significativamente a posibilidade da cidadanía de coñecer o que ocorre no máximo órgano de goberno do Concello. É por iso que se propón a retransmisión en directo das sesións do Pleno polas redes sociais do Concello, ademáis de aloxar os vídeos nalgún servizo de streaming para que calquera veciño ou veciña poda visionalos a demanda.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1) Dotar os medios precisos e realizar as medidas organizativas necesarias para que o Concello de Chantada cumpla de forma urxente a normativa establecida na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- 2) Iniciar o procedemento para a renovación e actualización da páxina web municipal.
- 3) Instar ó Goberno municipal para que elabore e propoña ó Pleno Municipal unha Ordenanza Municipal de Transparencia, Acceso á Información e Reutilización, baseada na ordenanza tipo da Federación Española de Municipios e Provincias, introducindo de xeito adicional as informacións seguintes:
 - a) Declaracións de bens e intereses dos membros da Corporación Municipal.
 - b) Convocatorias e actas dos órganos colexiados do Concello: Pleno Municipal, Xunta de Goberno Local e Comisións Informativas, usando medios de seudonimización para o cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal.
- 4) Potenciar a administración electrónica, realizando programas de formación á cidadanía e aos empregados públicos, facilitando a creación de certificados dixitais nas propias dependencias da administración e preparando ó Concello para a plena entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 5) Retransmitir os Plenos Municipais en directo nas redes sociais do Concello de Chantada, así como cargar os vídeos nunha plataforma de streaming que permita o seu visionado en calquera momento a través de internet.

Chantada, 20 de novembro de 2019,

Asdo. Raquel López Rodríguez
Voceira do Grupo Municipal Socialista
Concello de Chantada